



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Enfermería Xerontolóxica	Código	750G01020	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Garcia Martinez, Carmen Maria	Correo electrónico	maria.garciam@udc.es	
Profesorado	Garcia Martinez, Carmen Maria	Correo electrónico	maria.garciam@udc.es	
Web	moodle.udc.es			
Descrición xeral	A Materia de Enfermería Xerontolóxica ten como meta que o estudante adquira coñecementos, habilidades e actitudes sobre a problemática bio-psico-social do ancián, o que o capacitará para dar coidados integrais de fomento da saúde, prevención da enfermidade, recuperación e rehabilitación física e social, así como o coñecemento das causas e das consecuencias do envellecemento individual e poboacional.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Describir e utilizar conceptos relevantes sobre os procesos de envellecemento individual e colectivo tendo en conta a súa evolución e variabilidade dende unha perspectiva histórica, antropolóxica e social.	A49	B1 B2 B8	C4 C12
Elexir e aplicar adecuadamente instrumentos de valoración e escalas específicas para o ancián eo seu cuidador/a, demostrando capacidade e habilidade para realizar a valoración integral do paciente ancián utilizando referentes teóricos e evidencias científicas	A49 A50 A51 A52	B2 B3 B8 B9 B13	C4 C11
Analizar e discutir as diferenzas entre os cambios normais asociadas ao envellecemento de aqueles que son consecuencia dos procesos patolóxicos, relacionando estes cambios ca satisfacción das necesidades básicas.	A49 A50 A51 A52	B1 B2 B3 B8 B9 B13	C4 C10
Identificar os procesos de alteración da saúde mais prevalentes nas persoas maiores no medio comunitario e hospitalario, planificando e prestando coidados de enfermería a través dun modelo enfermeiro e un proceso de intervención baseado na linguaxe estandarizada (NANDA, NIC, NOC)	A49 A50 A51 A52	B1 B2 B3 B8 B9 B13	C4 C11
Describir e analizar os distintos niveis e servizos asistenciais sanitarios e sociais identificando os recursos sociais existentes na comunidade e describindo como han de usarse tendo en conta ás necesidades das persoas maiores	A49 A52	B1 B2 B3 B9 B13	C4 C10 C11 C12



Promover estilos de vida saudable e auto-coidado, apoiando o mantemento de comportamentos preventivos e terapéuticos que promovan a independencia, na satisfacción das necesidades básicas humanas e melloren a calidade de vida na vellez, describindo o medio ambiente axeitado para o benestar e protección dos maiores	A49	B1	C4
	A50	B2	C10
	A51	B3	C12
	A52	B8	
		B9	
		B13	

Contidos	
Temas	Subtemas
Unidade Didáctica I: Conceptos e Xeneralidades relacionados ca vellez	Tema 1. Conceptos Xerais Tema 2. Proceso de Envellecemento e Teorías Tema 3. Demografía da ancianidade
Unidade Didáctica II: Aspectos sociais, antropolóxicos e económicos do envellecemento	Tema 4. Socioloxía da ancianidade Tema 5. Aspectos Económicos da vellez Tema 6. Entorno arquitectónico na calidade de vida das persoas maiores
Unidade Didáctica III: A persoa maior san. Necesidades Básicas humanas asociadas ao proceso do envellecemento.	Tema 7. Concepto de anciano san e anciano fráxil Tema 8. Valoración de enfermería a persoa maior Tema 9. Necesidade de osixenación Tema 10. Necesidade de alimentación Tema 11. Necesidade de eliminación Tema 12. Necesidade de movemento Tema 13. Necesidade de descanso e soño Tema 14. Necesidade de manter a temperatura corporal Tema 15. Necesidade de Comunicarse e de expresión sexual.
Unidade Didáctica IV: A persoa maior enferma. Características das enfermidades no ancián. Procesos patolóxicos mais frecuentes	Tema 16. Características das enfermidades do ancián Tema 17. Terapéutica no ancián Tema 18. ACV Tema 19. Parkinson Tema 20. As Demencias
Unidade didáctica V: A atención sociosanitaria en España	Tema 21: Recursos formais e informais no coidado da persoa anciá con problemas de saúde y/o dependencia

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A49 A50 A51 A52 A50 A51 A52 B1 C4	26	26	52
Estudo de casos	A50 A51 A52 A49 B2 B3 B8 B13 B1 B9 C11 C12 C10	14	21	35
Traballos tutelados	A50 A51 A52 A49 B1 B3 B8 B13 C4 C10 C11 C12	1	10	11
Proba mixta	A49 A50 A51 A52 B8 B9 B13 B2 B3 B8 C10	2	28	30
Análise de fontes documentais	A49 A50 A51 A52 B1 B3 B8 B9 C4	2	5	7



Aprendizaxe servizo	A49 A50 A51 A52 A49 B1 B2 B13 C4 C10 C11 C12	1	10	11
Actividades iniciais	C4	2	0	2
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.
Estudo de casos	Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.
Proba mixta	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas. En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto a preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.
Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos legislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.
Aprendizaxe servizo	?El Aprendizaje Servicio es una propuesta educativa que combina procesos de aprendizaje y de servicio a la Comunidad en un único proyecto bien articulado en el que los participantes aprenden a la vez que trabajan en necesidades reales del entorno con la finalidad de mejorarlo? Begoña Martínez, Isabel Martínez, Israel Alonso y Monike Gezuraga TENDENCIAS PEDAGÓGICAS Nº 21 2013 102
Actividades iniciais	Actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativos, que partan dos saberes previos do alumnado.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



<p>Proba mixta</p> <p>Traballos tutelados</p> <p>Aprendizaxe servizo</p>	<p>A atención personalizada relacionada cos traballos ten como finalidade orientar os estudantes na realización dos traballos. O seguimento farase de forma individual ou en pequenos grupos, ben de maneira presencial ou a través do correo electrónico.</p> <p>A atención personalizada relacionada coa proba mixta ten como finalidade atender as consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia. Farase de forma individualizada, ben de maneira presencial ou a través do correo electrónico.</p> <p>A atención personalizada relacionada co Aprendizaxe servizo ten como finalidade orientar os estudantes na realización do Servizo. O seguimento farase de forma individual ou en pequenos grupos, ben de maneira presencial ou a través do correo electrónico.</p>
--	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A49 A50 A51 A52 B8 B9 B13 B2 B3 B8 C10	<p>Proba escrita con pregunta curta, tipo test e a resolución de casos prácticos para avaliar, fundamentalmente, a aprendizaxe das competencias.</p> <p>Sendo condición indispensable para superar a materia haber superado o examen con nota igual o superior a un 5 sobre 10. Esta proba suporá o 70% da cualificación final.</p>	70
Traballos tutelados	A50 A51 A52 A49 B1 B3 B8 B13 C4 C10 C11 C12	<p>A realización dos traballos tutelados será obrigatoria. Puntuará sobre un mínimo de 0 e un máximo de 10. Suporá o 20% da cualificación final. Para a avaliación dos traballos seguiranse criterios de calidade sobre: presentación, estrutura, contidos, bibliografía e exposición oral, de se realizar.</p>	20
Estudo de casos	A50 A51 A52 A49 B2 B3 B8 B13 B1 B9 C11 C12 C10	<p>A asistencia e participación activa na aula a través dos grupos de traballo, onde se avaliará a adquisición de competencias, suporá o 10% da cualificación final. A avaliación farase tendo en conta, fundamentalmente, os seguintes aspectos: valoración, diagnósticos e planificación de resultados e intervencións de enfermaría.</p> <p>A asistencia a os grupos de traballo será obrigatoria.</p>	10

Observacións avaliación
<p>Os criterios de avaliación da segunda oportunidade (xullo) serán os mesmos cos da primeira oportunidade (febreiro). As probas superadas na primeira oportunidade (febreiro) conservaranse só para a segunda oportunidade (xullo). Os estudantes con matrícula a tempo parcial e os que soliciten adianto de oportunidade, acolleranse á modalidade de exame de proba mixta que constará de preguntas curtas e estudos de casos, e suporá o 100% da nota. Os estudantes que opten a matrícula de honra deberán ter unha cualificación superior a 9 na proba mixta e ter superadas o resto de metodoloxías coa nota máxima. Os estudantes que non presenten os estudos de casos e/ou traballo tutelado, obterán un no presentado, aínda que realicen a proba mixta. A expulsión dunha proba de avaliación implicará a cualificación de suspenso (nota numérica de 0) na convocatoria da materia. A entrega dos traballos tutelados, farase en papel: - Non se empregarán plásticos - Realizaranse impresións a dobre cara - Empregarase papel reciclado - Evitarase a impresión de borradores Na realización dos traballos tutelados, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través de Internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade.</p>

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Nursing. Edición española (). . - Luis Rodrigo MT. (2013). Los Diagnósticos Enfermeros. Revisión crítica y guía práctica. 8ª ed. Barcelona: Masson; - Millán Calenti J C (2006). Principios de Geriatría y Gerontología. Madrid: McGraw- Hill. Interamericana - García López MV, Rodríguez Ponce C, Toronjo Gómez AM (2008). Enfermería del anciano. 2ª ed. Madrid: DAE - Enfermería Clínica (). . - Guillén Llera F, Pérez del Molino Martín J, Petidier Torregrosa R. (2008). Síndromes y cuidados en el paciente geriátrico. 2ª ed. Barcelona: Elsevier Masson; - García M, Torres P, Ballesteros E (2006 reim). Enfermería Geriátrica. 2ª ed. Barcelona: Masson - Gerokomos (). . - Pérez Melero A (2008.reim). Guía de cuidados de personas mayores. Madrid: Síntesis - Quintanilla Martínez M (2006). Cuidados integrales de Enfermería Gerontogeriatricos Vol 1. 2da ed. amp y rev. Barcelona: Monsa Ediciones - Quintanilla Martínez M. (2006). Cuidados integrales de Enfermería Gerontogeriatricos. Vol 2. 2da ed. amp y rev. Barcelona: Monsa Ediciones - Cobo Domingo JC (2008). Geriatría y Gerontología. Atención Integral al anciano. Logoss - Heather Herdman T; Kamitsuru S. (2015). Diagnósticos Enfermeros: Definiciones y Clasificación 2015-2017. Barcelona: Elsevier España S. L - Revista Española de Geriatría y Gerontología (). . - Salgado Alba A, Guillén LLera F, Ruipérez Cantera I (2002). Manual de Geriatría. 3ª ed.. Barcelona: Masson - García Hernández M, Medina Aragón F J, Gallo Estrada J. (2011). Atención enfermera en los grandes síndromes geriátricos. Madrid: Fuden - Millán Calenti (2011). Gerontología y Geriatría. Valoración e intervención. Madrid: Médica Panamericana - (). . - editores, Howard K. Butcher, ...[et al.] (2019). Clasificación de intervenciones de enfermería (NIC). Barcelona : Elsevier, [2019] Edición 7ª ed - MOORHEAD S, JOHNSON M, MAAS ML, SWANSON E (2014). Clasificación de resultados de enfermería (NOC) : medición de resultados en salud. Madrid : Elsevier, [2014] Edición 5ª ed
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía/750G01001
 Psicoloxía/750G01003
 Fundamentos da Enfermaría/750G01007
 Nutrición/750G01009
 Farmacoloxía/750G01011
 Ética profesional, marco legal e filosofía do coidado/750G01016
 Estancias Clínicas I/750G01025
 Estancias Clínicas II/750G01026
 Enfermaría Clínica I/750G01034
 Enfermaría Clínica II/750G01035
 Fisioloxía/750G01105

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Enfermaría clínica III/750G01017
 Enfermaría Comunitaria II/750G01019
 Estadías Clínicas III/750G01027

Materias que continúan o temario

Observacións



Esta materia ten en conta as recomendacións de SOSTENIBILIDADE MEDIO AMBIENTE, PERSOA E IGUALDADE DE XENERO:- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia, realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos.- Teranse en conta os principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.- Atendendo ás distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, nesta materia terase en conta a perspectiva de xénero velando pola non utilización dunha linguaxe sexista na aula, nos documentos desenvolvidos na materia e nas actividades clínicas realizadas co alumnado.- Traballarase para identificar e modificar prexuizos e actitudes sexistas dentro da aula ou no contexto clínico, influíndo na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.- Prestará especial atención en detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.- Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso idóneo, igualitario e proveitoso á vida universitaria.A entrega dos traballos tutelados, farase en papel:- Non se empregarán plásticos- Realizaranse impresións a dobre cara- Empregarase papel reciclado- Evitarase a impresión de borradoresNa realización dos traballos tutelados, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través de Internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías